



Ornela Fernández Salgado, portavoz do BNG, presenta a seguinte moción para o seu debate e aprobación, se procede, no Pleno do 24/09/2008

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

As comunidades de augas das distintas parroquias do Concello están facendo obras de instalación de canalizacións nas estradas municipais. Debido á realización destas obras teñen que abrir os viais incurrindo nun deterioro do firme.

O estado actual destes viais con taxeas e zanzas, nalgún caso de grandes dimensións, son un perigo para a circulación de vehículos e viandantes. Este estado pode agravarse coa chegada das choivas.

O Concello de Vilaboa, como propietario de ditos viais, ten a obriga de vixiar e facer as distintas manobras para que o estado do firme das estradas municipais sexa restaurado.

Por todo isto **SOLICITA:**

Primeiro. O Concello de Vilaboa instará ás comunidades de augas que realizaron ou están realizando instalación de canalizacións que, unha vez rematadas as obras, procedan á reposición do firme dos viais afectados.

Vilaboa, 17 de setembro de 2008.

Ornela Fernández Salgado.

SR. ALCALDE DE VILABOA